

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2018

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2018

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa en sesión do día 27 de agosto de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo relativo ás Bases Reguladoras da Convocatoria do Programa de axudas municipais á mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas- Concello de Vilagarcía de Arousa 2018

BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1 Obxecto e finalidade.
- 1.2 Réxime de concesión das axudas
- 1.3 Beneficiarios/as
- 1.4 Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as
- 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos obxecto de subvención

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

Instrución e tramitación das axudas

BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 3.1 Solicitudes
- 3.2 Obrigas
- 3.3 Prazo de presentación

BASE 4ª.—XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

BASE 5ª.- APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO.

BASE 6ª.—PUBLICIDADE

- 6.1 Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 6.2 Publicidade das subvencións concedidas.
- 6.3 Publicidade do financiamento público.



BASE 7ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**BASE 8ª.— TRANSPARENCIA E BO GOBERNO****BASE 9ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE. RÉXIME D INFRACCIÓNS E SANCIÓN****BASE 10ª.—SEGUIMENTO DAS AXUDAS. REINTEGRO**

10.1 Seguimento

10.2 Causas de reintegro

10.3 Procedemento de reintegro

BASE 11ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN**BASE 12ª.- FINANCIAMENTO****DISPOSICIÓN FINAL****BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN****1.1.—FINALIDADE**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2018 do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de fomentar e incentivar a inversión dos profesionais autónomos, microempresas e pequenas empresas en accións orientadas a mellora da accesibilidade universal e a eliminación das barreiras arquitectónicas nos seus establecementos comerciais, contribuíndo a mellorar a súa modernización e a súa competitividade.

1.2.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

As axudas outorgadas ao amparo desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables . En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

1.3.—BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios das axudas os/as empresarios/as individuais (profesionais autónomos), así como as microempresas e pequenas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que realizaran as actuacións obxecto da presente convocatoria entre o 1 de xaneiro de 2018 ata o 20 de novembro de 2018.

En todo caso a xustificación da realización da actuación subvencionada deberá realizarse antes do 30 de novembro de 2018

Para a definición de microempresa e pequena empresa terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea, no que se define como microempresa aquela que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os dous millóns de euros, e como pequena empresa aquela que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os dez millóns de euros.

1.4.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Que a actividade desenvolvida polo beneficiario no establecemento obxecto da subvención este incluída nalgún dos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas.

Que o establecemento obxecto de inversión este situado dentro do termo de Vilagarcía de Arousa.

No caso de que diferentes persoas físicas ou xurídicas realicen a súa actividade comercial ou de prestación de servizos no mesmo establecemento, so poderá ser beneficiaria da subvención a que sexa titular do negocio principal, sen que en ningún caso poida obter a condición de beneficiaria máis dunha persoa por establecemento.

No caso de tratarse de profesionais autónomos ademais dos anteriores deberán estar dados de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.

Non ter débedas co Concello de Vilagarcía de Arousa, nin a empresa nin as persoas socias.

Non poderán obter a condición de beneficiario/a aqueles nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.5 —TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar as accións orientadas a mellora da accesibilidade universal e a eliminación das barreiras arquitectónicas nos establecementos comerciais do termo municipal de Vilagarcía de Arousa.



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

O importe destas axudas poderá acadar o 100% do importe da inversión realizada con un límite máximo de 1.000,00€, sen que se esixa unha inversión mínima por parte do beneficiario.

Os gastos que poderán ser obxecto de subvención corresponderán ao período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 20 de novembro.

Gastos obxecto de subvención:

Consideraranse subvencionables as inversións realizadas polos solicitantes nos seus establecementos polos seguintes conceptos:

- a) Obras de reforma para a eliminación de barreiras arquitectónicas que faciliten o acceso das persoas con mobilidade reducida. Só se terán en conta as cantidades que figuren nos títulos habilitantes municipais correspondentes.
- b) Axudas técnicas para salvar desniveles que reúnan las condiciones establecidas na normativa de aplicación.
- c) Facilitadores de mobilidade no interior do establecemento: pasamáns, rampas e tapices rodantes.
- d) Cadeiras de evacuación para casos de emerxencia.
- e) Instalación de portas automáticas.
- f) Mostrador accesible a persoas con cadeiras de rodas.
- g) Instalación fixa de bucle de indución magnética.
- h) Adquisición de recursos funcionais e tecnolóxicos apropiados para a mellora da comunicación e o aproveitamento das posibilidades de audición como:
 1. Aros ou bucles magnéticos.
 2. Aplicacións informáticas: para a visualización da fala, visualizadores fonéticos e visualizadores de voz.
- i) Soportes audiovisuais adaptados.
- j) Directorio accesible con indicacións escritas en árabe e braille.
- k) Pavimento táctil direccional.
- l) Instalación de sinalética adaptada a invidentes.
- m) Dispositivo- catálogos para invidentes, onde se recolla a información sobre todos os produtos do establecemento.

Todas as solucións subvencionadas axustaranse a correspondente normativa, internacional, nacional ou autonómica no seu caso.

Serán gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubitada correspondan ó proxecto, respondan á natureza da actividade subvencionada, figuren no orzamento presentado xunto á solicitude e se teñan realizado no prazo establecido na base 1.5.



No serán subvencionables:

- a) A adquisición de bens usados.
- b) A adquisición de materiais ou outros elementos para a realización das obras polo propio solicitante.
- c) Os de seguros, fianzas, as taxas, os tributos, e os gastos de financiación e os recollidos no artigo 31.7 LGS.
- d) Impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación, como o IVA nin impostos persoais sobre a renda ou calquera outro imposto.
- e) Non se poderán subvencionar inversións cando o vendedor dos activos ou prestador da actividade fora o adquirente, ou se dera un suposto análogo do que puidera derivarse autofacturación.

Sen prexuízo do anterior, conforme ó establecido no artigo 31.8 LGS, considerarase gasto subvencionable o Imposto sobre el Valor Engadido cando no sexa susceptible de recuperación polo beneficiario da axuda, previa acreditación.

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**2.1.—INSTRUCCIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS**

A Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá informe-proposta para a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, no momento de esgotamento do crédito da convocatoria, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello “sede.vilagarcia.gal”.

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por estrito orde de entrada na unidade de tramitación atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará na sede electrónica e na páxina web do Concello de Vilagarcía o esgotamento do crédito da convocatoria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.5 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.



- No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista na base 1.5.
- Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
- Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas da mesma.
- Para as accións de control e seguimento, a Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas poderá requirirle aos/ás empresarios/as e/ou ás microempresas e pequenas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpran as condicións para as que se concedeu a subvención.

BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1.—SOLICITUDES

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo de solicitude e anexos normalizados (que estarán dispoñibles para a súa cumprimentación e descarga no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilagarcía sede.vilagarcia.gal), presentaranse vía telemática en cumprimento do disposto no artigo 14.2 e 3 da lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto co formulario de solicitude e anexos debidamente cumprimentados, deberá anexarse a seguinte documentación:

- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda.
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

- DNI da persoa que solicita a subvención e documento acreditativo da súa condición de representante.
- Solicitud de licenza ou comunicación previa de apertura, así como da licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para realizar a actuación para a que se solicita a subvención.

Asemade, deberá anexar a documentación seguinte:

- De ser o caso, escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro administrativo correspondente, así como acreditar a identidade da persoa representante e o seu poder de representación.
- Memoria descritiva das actuacións para as que se solicita a subvención.
- Compromiso de financiación da entidade sobre a parte do orzamento presentado e non cuberto pola contía máxima descrita no apartado 1.5 da convocatoria.

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se o/a interesado/a presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se dispón del.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración integrada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, quen decida.

Toda a documentación deberá presentarse **TELEMÁTICAMENTE** debendo constar nos documentos que así o requiran, a sinatura dixital do interesado

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras.

Todos os trámites administrativos que os/as interesados deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados por vía telemática accedendo á carpeta de interesado/expediente dispoñible na sede electrónica do concello.



3.2.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Manter a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de un ano. No suposto de darse de baixa, con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilagarcía ata o último día do mes posterior a dita baixa ou modificación. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os prazos de presentación de solicitudes, será a partir o día seguinte á data da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 20 de novembro de 2018.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do Concello.

BASE 4ª.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Para xustificar a realización da actuación subvencionada, deberá aportarse:

- Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención .

As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 do 30 de Novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

- Número e, no seu caso, serie.
- Data da súa expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.
- Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.
- Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaxa non incluído no prezo.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado.
- Especificación, por separado, da parte de base impositiva correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

Documentos bancarios de aboamento das facturas presentadas, debidamente selados pola entidade bancaria, constando debidamente identificados o emisor, receptor e concepto a que se refire o cargo bancario, así como o número de factura a que corresponde.

Documento acreditativo do abono das taxas de licenzas ou título habilitante municipal que fora necesario, indicando a contía aboada.

O prazo para xustificar a realización da actuación subvencionada será ata o 30 de novembro de 2018, o incumprimento de dito prazo conleva a perda do dereito de cobro da axuda concedida.

BASE 5ª.— APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. O servizo xestor (Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas) que tramitou a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A tal efecto, a Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas á vista da xustificación presentada polas beneficiarias, emitirá informe favorable ou desfavorable ao recoñecemento da obriga e pagamento da axuda que se achegará ao expediente.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre o recoñecemento de obriga e pagamento das axudas, previo informe da Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de un mes dende a presentación da xustificación no Rexistro Xeral do Concello. As xustificacións irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

3. Transcorrido o devandito prazo de un mes sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que a solicitude de aboamento da axuda concedida é desestimada. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos tres meses sen que se dite resolución expresa.

4. O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello, podendo a tal efecto o interesado designar unha dirección de correo electrónico para recibir os avisos de posta a disposición de calquera notificación que se dite dentro do seu expediente.

Contra dita resolución cabe interpoñer recurso perante a xurisdición contenciosa, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa.

Asemade, poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5. Aprobada a xustificación, as axudas faranse efectivas nun pagamento único.

6. Notificada a aprobación da xustificación da axuda, o beneficiario deberá presentar (por vía telemática) no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa durante o prazo de un ano contado a partir da data de outorgamento da subvención.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A presente convocatoria, as Bases Reguladoras e modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2018 do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase e estarán a disposición dos interesados, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na Sede electrónica do Concello sede.vilagarcia.gal, na páxina web www.vilagarcia.es e no Taboleiro de Edictos, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na sede electrónica do Concello sede.vilagarcia.gal, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello www.vilagarcia.es.



6.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Urbanismo e de Infraestrutura e estará dispoñible para a súa descarga na Sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal)

BASE 7ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán utilizados para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

BASE 8ª- TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno co artigo 15 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Concellería de Urbanismo e de Infraestuturas publicará na páxina web oficial do Concello de Vilagarcía e na Sede electrónica sede.vilagarcia.gal a relación das persoas e/ou entidades beneficiarias das axudas concedidas. Incluirá igualmente a contía das axudas e as sancións que no seu caso e como consecuencia delas puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

BASE 9ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE, RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve.

BASE 10ª.—SEGUIMIENTO DAS AXUDAS. REINTEGRO

10.1. SEGUIMIENTO

A Concellería de Urbanismo e de Infraestruturas, realizará o seguimento das actividades obxecto de subvención

10.2. CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que houberan impedido a súa obtención.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actuación obxecto de subvención.
- c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos.

10.3. PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

O procedemento de reintegro de subvencións rexerase polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.



Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento do ano.

Procederá o reintegro parcial do 2% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciación polo Concello de Vilagarcía, establecida na BASE 6ª punto 6.3.

Procederá o reintegro parcial polo exceso de financiamento, segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano de concesión a obtención de outras axudas no caso de que estas sexan compatibles.

Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano de concesión a solicitude doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da Orde Social, e da Lei 9/2007, do 13 xuño.

BASE 11ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, que aprobou o seu regulamento, a lexislación básica do estado en materia de Réxime Local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas presentes Bases Reguladoras, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 12ª.-FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1522-770 do estado de gasto doorzamento municipal para o ano 2018, cun importe de 30.000 €

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.



Luns, 3 de setembro de 2018

Núm. 169

DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas

Vilagarcía de Arousa 27 de Agosto de 2018.

O alcalde-presidente do concello de Vilagarcía de Arousa

Alberto Varela Paz

